

**Atención bucodental**

- **Ampliaremos ata os 18 anos a gratuidade de empastes e endodoncias previsto no Plan de Saúde Bucodental.**
- Implantaremos, progresivamente, a **gratuidade das próteses dentais para as persoas maiores**, empezando polos maiores de 85 anos e ata os 75 anos.
- Incrementaremos os centros de referencia de atención bucodental cirúrxica para as persoas con discapacidade.
- Incorporaremos á **Carteira de Servizos as enfermidades periodontais en colectivos de alto risco** (discapacitados, inmunodeprimidos, revisións a pacientes para transplantar).
- Elaboraremos **Plans de periondopatías e de prevención do cancro oral.**

**Atención sanitaria dos emigrantes**

- Garantiremos o financiamento da prestación farmacéutica, durante o tempo de estancia en Galicia, aos galegos do exterior que residen fora de Europa.

**Pacientes terminais**

- Fomentaremos os programas de atención ao paciente terminal, orientados a garantir unha vida digna ata o instante da morte.
- Promoverase a oferta asistencial hospitalaria e domiciliaria dos coidados paliativos en resposta ás necesidades físicas e emocionais destes pacientes e dos seus familiares.

**Atención podolóxica**

- Introduciremos a atención podolóxica para a atención das patoloxías do pé en pacientes con discapacidades ou limitacións físicas.
- **Garantiremos a atención podolóxica a pacientes diabéticos e a pacientes con patoloxías vasculares crónicas.**

**Saúde Mental e Demencia**

- Promoveremos o **Plan de Saúde Mental e Adiccións** de Galicia, incluíndo no mesmo os problemas de saúde mental en xeral, e a atención ás adiccións en particular.
- Desenvolveremos novas iniciativas e programas para mellorar a **atención ás persoas coa enfermidade de Alzheimer** e outras demencias.
- Desenvolveremos o **Programa de Trastorno Mental Severo e os Equipos de Continuidade de Coidados.**
- Crearemos a **Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Referencia autonómica** e ademais, desenvolveremos progresivamente Hospitais de Día nas principais cidades de Galicia, para a atención da saúde mental infanto-xuvenil.
- Desenvolveremos as Unidades Extrahospitalarias de Psicoxeriatría e presentaremos un **Programa de Atención ás Demencias** para atender a saúde mental na terceira idade.